

## **O PSOE de Portomarín denuncia que o Alcalde convocase dous Plenos extraordinarios no mesmo día para que os populares non perdesen a dieta de asistencia**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
LUGO

**Aseguran que Serrano, logo de que Barreiro obrigase ós populares a renunciar á comisión económica na que se debateu o Plan de Emprego da Deputación, ordeou a celebración de dúas sesións diferentes cun único punto na orde do día en cada unha, co obxectivo de que os concelleiros do PP cobrasen igual pola súa participación**

**Silvia Rodríguez considera que "esta é unha actitude miserable, pois resulta que nos convocan porque están en contra da iniciativa provincial e logo eles intentan sacarlle rendibilidade económica. Estas comisións proceden de fondos públicos, é dicir, son cartos de todos"**

**Destaca que non votaron a favor da proposta do PP porque "nós parece incomprendible que un Alcalde esté en contra dunha iniciativa coma esta, que pretende evitar a discriminación da Xunta con algúns Concellos da provincia"**

O grupo municipal socialista de Portomarín denuncia que o Alcalde convocase para o día de onte dous Plenos extraordinarios cun único punto na orde do día en cada un, cando podería aglutinar todo nunha única sesión. Para a voceira do PSOE neste municipio, Silvia Rodríguez, o obxectivo desta medida débese á decisión do presidente provincial do seu Partido, José Manuel Barreiro, quen obrigou ós populares a renunciar á comisión económica do Pleno no que se debateu o Plan de Emprego da Deputación.

Neste senso, Silvia Rodríguez subliña que "non podemos entender como o Alcalde ordea a celebración de dous plenos extraordinarios no mesmo día, cun só punto na orde do día de cada un, cando o máis operativo sería que aglutinase os dous asuntos nun. Todo apunta a que o goberno municipal fixo isto para non perder o cartos da dieta". A este respecto, indica que "esta é unha actitude miserable" e pregúntase: "que pensa o señor Alcalde que a oposición non nos iamos dar conta? Resulta que nos convocan porque están en contra do Plan de Emprego provincial e logo eles intentan sacarlle rendibilidade económica". Deste xeito, a socialista afirma que "isto é estafar a todos os veciños, as dietas que se cobran polos Plenos están pagadas con fondos públicos, con cartos de todos. Esta é a mostra de desfachatez máis grande que pode ter un Alcalde. O cidadáns de Portomarín teñen que sabelo. Por iso queremos denuncialo publicamente".

### **"O que lle molesta ó PP é que a Deputación supla á Xunta"**

Así mesmo, a voceira municipal do PSOE indicou que, "por suposto non votamos a favor da postura do PP con respecto ó Plan da Deputación", e engade: "que é o que lle molesta ó Partido Popular, que a institución de Besteiro supla unha vez máis á Xunta? Que grazas á Deputación vaise xerar traballo nos Concellos que foron discriminados polo Goberno galego". Deste xeito, Silvia Rodríguez subraia que "paréceños incomprendible que un Alcalde esté en contra de que se creen postos de traballo na provincia. É dicir, non só o PP non o fai, senón que se opoñen a quen o intenta facer".

22 de novembro de 2013

Saúdos,  
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo